



Edificio Politécnico
Campus universitario
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001

esei.uvigo.es
info@esei.uvigo.es

COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Por orde da Sra. Presidenta, convócase a unha reunión extraordinaria **que terá lugar por medio de correo electrónico (segundo o procedemento que se atopa descrito ao pé da convocatoria)**ⁱ, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

DÍA E HORA: xoves, 7 de setembro de 2023, ás 9:15 horas en primeira convocatoria, e ás 9:45 horas en segunda convocatoria.

Orde do día:

1. Informe da Coordinadora sobre a lista provisional de admisión/exclusión de estudantes de preinscrición de segunda convocatoria.
2. Aprobación, se procede, de nomeamento de Tribunais para a avaliación dos Traballos de Fin de Máster.
3. Asuntos de trámite.

Ourense, 5 de setembro de 2023

A Secretaria da Comisión
Asdo.: M^a Encarnación González Rufino

ⁱ PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DA COMISIÓN

Instrucións previas:

- a. Utilizaranse como válidas as direccións de correo electrónico coas que os membros da comisión foron convocados pola secretaría da mesma.
- b. Toda a actividade desta reunión desde o momento da apertura da sesión canalizarase a través de correos electrónicos dirixidos a todos os membros da comisión e que levarán como asunto “*Reunión telemática da CAMEI do 7/09/2023*”.
- c. Entenderase que houbo quórum se os votos emitidos igualan ou superan ao número de membros esixido en primeira ou segunda convocatoria. Se se alcanza quórum, informarase formalmente aos membros de tal circunstancia e do resultado da votación; se non se alcanza, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros do órgano.
- d. **Todas as mensaxes enviadas durante a sesión pasarán a formar parte da acta da reunión.**

Procedemento:

1. A sesión comezará cun correo electrónico dirixido pola Presidente da Comisión, ou persoa en quen delegue, a todos os membros da mesma, ás **9:15 horas do día 7 de setembro de 2023**. A partir dese momento quedará aberta a sesión.
2. Mediante un correo electrónico se informará aos membros da comisión de:
 - a. a lista provisional de admitidos/excluídos de estudantes de preinscrición en segunda convocatoria,
 - b. proposta de membros de Tribunais para a avaliación dos TFMs presentados nesta convocatoria.Os intervinentes, se desexan expresar opinións sobre algún contido da orde do día, disporán **ata as 11:00h** para expresar o que consideren oportuno.
3. **A partir das 11:00h**, cada membro da Comisión emitirá o seu voto con respecto ao segundo punto da orde do día mediante un correo electrónico. Este correo electrónico considerarase a proba da súa asistencia á reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Informática.
4. Os membros da Comisión disporán **ata as 13:00 horas** para votar. Transcorrida a hora límite de votación quedará automaticamente levantada a sesión.

(Para resolver calquera dúbida sobre a dinámica de funcionamento descrita, os membros da Comisión poden pórse en contacto coa Secretaria da Comisión no enderezo electrónico secretaria.esei@uvigo.gal)